

Plan de mellora da Atención Primaria. Galicia 2007-2011

Manuel Domínguez Sardiña

Presidente da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria

Cad Aten Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 231-231

O día 2 de marzo o SERGAS presentou o "PLAN DE MELLORA DÁ ATENCIÓN PRIMARIA. GALICIA 2007-2011", que publicamos neste número de Cadernos. Nel, a administración sanitaria, asume como propias as peticións, conclusións, propostas de mellora, froito das deliberacións dos tres grupos de traballo (Recursos humanos, Calidade e Desburocratización) durante tres meses.

Como o seu título indica, é un plan de mellora cun horizonte de 5 anos, ao cabo dos cales comprométese a cumprir con todas as propostas elevadas polos grupos de traballo. Definen as actividades a realizar en diversas etapas: antes de xuño do 2007, durante o 2007, durante o 2008,..., durante o 2011. Neste ano calculan un aumento presupostario extraordinario de 8,5 millóns de euros, que irían destinados a, entre outras cousas, aumentar o número de prazas en todas as categorías (24 médicos a maiores das xa incluídas no orzamento ordinario do 2007), creación da figura de "profesional facultativo con estabilidade no sistema, en categoría de vinculación continuada" (antes de xuño), equipamentos de centros,...

Este cronograma de actividades está ben definido e cuantificado para este ano, pero practicamente nada para os anos sucesivos, ata o 2011, no que como dixemos comprométese con indicadores cuantificables o dar resposta ás peticións xeradas nas mesas de traballo. Comprendo a dificultade de poñer en valor os anos seguintes, pero creo imprescindible que no documento se explicita o diferencial entre a foto final e a actual, cuantificándose cada ano a porcentaxe a alcanzar do obxectivo final, que poñendo un exemplo a nivel de facultativos sería: necesitanse 180 médicos para alcanzar o ratio obxectivo, no ano 2007 incorporáranse 36 (20%), no ano 2008, 54 (50 %), ..., no ano 2011, 18 (100%). Sendo conscientes de que estes obxectivos poidan ser modificados pola Comisión de Seguimento do Plan, que o mesmo documento prevé, que cremos debe ter capacidade executiva para ir modulando as distintas actividades a realizar.

Unha vez presentado este plan, os sindicatos e asociacións que participamos nel temos o prazo de 15 días para presentar alegacións,

tendo a vontade de presentar o definitivo nun mes para que cada organización decida ou non a sinatura do mesmo.

Dada a premura desta editorial, nestes momentos a Xunta directiva da AGAMFEC, aínda non analizamos minuciosamente o documento e temos previsto convocarvos a todos os socios para que expoñades as vosas opinións. Cremos que este é un bo punto de partida, podemos estar de acordo ou non nalgúns tempos que se suscitan para resolver problemas de moitos anos na Atención Primaria, pero, como expresamos anteriormente, é necesario coñecer, como mínimo, o compromiso do Sergas de incremento anual de prazas, segundo as recomendacións dos grupos de traballo, e de redución progresiva de TIS por cupo. Tamén cremos que este plan ten que ser dinámico. Non pode ser ningún corsé que limite futuras propostas por non estar incluídas nel, e debe permitir abrir un debate máis profundo sobre a Atención Primaria e o noso Sistema Sanitario no que nos cuestionemos cambios organizativos e estruturais que nos leve non só a unha mellora, senón tamén, como formulou o Secretario Xeral do Sergas, a unha verdadeira reforma do Sistema Sanitario Galego. Compartimos a filosofía do documento e os seus obxectivos finais, que evidentemente gustaríanos que se alcanzasen antes dos 5 anos propostos, e, aínda mantendo este horizonte final, cremos que se deben solucionar coa máxima celeridade, situacións de traballo (cupos, estruturas físicas, escaseza de recursos,...) de compañeiros, que sen ter estas necesidades básicas cubertas, con moitas das actividades deste plan pódense sentir agraviados.

Para rematar, seguimos crendo que a AGAMFEC ten, neste proceso que agora comeza, que realizar a función evaluadora ou fiscalizadora do seu cumprimento, pero sen esquecer unha función de apoio e colaboración para que estes cambios que poden chegar a transformar a AP na nosa comunidade, sirvan non soamente para mellorar as nosas condicións de traballo e aumentar a nosa satisfacción persoal senón para mellorar a calidade da AP en todas as súas dimensións. (Vigo, 5 de marzo de 2007)